

PLAN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2022-2023

IES DE MONTERROSO.

PLAN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA CURSO 2022-2023 IES DE MONTERROSO

1._Equipo de Dinamización Lingüística.

2._Análise sociolingüística do centro.

- a) Contorna sociolingüística do centro.
- b) Situación do alumnado.
- c) Situación do profesorado.
- d) Situación lingüística do centro.

3._Obxectivos.

_Obxectivos adecuados ó contorno sociolingüístico do centro.

_Obxectivos adecuados á situación do profesorado.

_Obxectivos adecuados á situación do alumnado.

_Obxectivos adecuados á situación lingüística do centro

4._Medidas.

a) Actividades e funcións a realizar polo equipo periodicamente e durante todo o curso.

b) Actividades previstas por trimestres.

c) Posibles actividades previstas e sen confirmación de data.

1._EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

En cumprimento do Decreto 79 /2010, do 20 de maio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (D.O.G. Do 25 de maio de 2010), constituíuse no Instituto de Ensino Secundario de Monterroso un equipo encargado de fomentar o uso do galego dentro da comunidade escolar. Este grupo está integrado por:

Coordinadora:

M^a Dolores Mariño Otero

Profesores

Marta Cobas Martínez

Miguel Bermúdez Salguero

María José Agra Villar

Alumnos/-as

Nerea Gómez Fernández

Saúl Cid Seijas

Rodrigo Otero Pardo

Representante do Persoal non Docente

María Cruz Suárez López .

Profesores colaboradores: Vicedirección, Equipo da Biblioteca, Miguel Rico Gómez (Departamento de Relixión), Eva González Rodríguez (PT), Elba Grande Fernández (Departamento de Francés), Luís Alberto Casais Ageitos (Departamento de Xeografía e Historia), Luísa Carro Cabaleiro (Departamento de Música)...

Alumnado colaborador: Emma Botana Rivas, Lucas Díaz Ledo, Carla Diéguez Gómez, Xiana Fernández Fente, Uxía García Vázquez, Norberto Proupín Vilariño, Unai Santiso Castro, Ángel Ulloa Bran, Iria Vázquez López...

Este equipo está aberto a novas incorporacións.

2._ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Antes de articular as actuacións que nos levarán a conseguir os obxectivos do EDL debemos fixarnos a quen van dirixidas e o contexto no que nos atopamos.

a) Contorna sociolingüística do centro.

O IES de Monterroso está situado no núcleo poboacional de Monterroso.

A maior parte do alumnado que acode ó centro procede dos centros de primaria adscritos ó noso IES:

-CEIP de Monterroso

-CEIP de Antas de Ulla

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez se fai máis apreciable o proceso de concentración urbana propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 3562 habitantes, dos cales aproximadamente o 40% vive no núcleo urbano e o resto distribúese entre os núcleos rurais existentes. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional e á regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbano se adican ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla, situado na provincia de Lugo a 45 quilómetros da capital provincial, atópase no Centro Xeográfico de Galicia. Cunha superficie de 104 km² conta

con 1935 habitantes distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos poboacionais.

A economía do municipio baséase no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Cómpre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

b) Características do alumnado.

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado se escolariza nel.

Tamén os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Nos últimos cursos obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. Ao mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal, Sudamérica, China e Rumanía.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto da vila, o IES de Monterroso, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado. Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada, Portomarín e Rodeiro (Pontevedra).

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Resumindo, podemos dicir que o IES de Monterroso está situado nunha comarca eminentemente rural polo que **a maioría do alumnado, procedente dunha clase social medio-baixa e procedente de familias orixinarias da zona, é galego-falante**, aínda que cada vez, sobre todo nos cursos da ESO hai máis rapaces castelán-falantes e atopámonos con que o alumnado le menos en galego, (a maioría, cando chega ó centro, di que nunca leu un libro na nosa lingua).

c) Situación do profesorado.

Entre o profesorado o galego é **a lingua máis empregada**, cada curso están chegando

novos profesores que son novos en idade e que teñen unha actitude moi positiva cara a nosa lingua.

d) Situación sociolingüística do centro.

En canto á situación sociolingüística do centro, tendo en conta o antes dito e que o Persoal non Docente emprega a nosa lingua en todas as situacións, podemos dicir que o **galego é a lingua máis empregada.**

3._OBXECTIVOS

1.-Obxectivos adecuados ó contorno sociolingüístico do centro

1.1.-Coñecer o nivel de emprego da lingua galega dentro e fóra do ámbito escolar.

1.2.-Invitar ao profesorado a que introduza nos seus proxectos curriculares contidos da realidade cultural galega.

2.-Obxectivos adecuados á situación do profesorado

2.1.-Empregar e potenciar a nosa lingua en todas as actividades do centro (anuncios, comunicados, letreiros...)

2.2.- Axudar ó profesorado en todo o que se poida, invitalos a que introduzan nos seus proxectos curriculares contidos da realidade galega.

2.3.-Facer cumprir a Lei de Normalización Lingüística no que respecta ás materias que hai que impartir en lingua galega.

2.4.-Publicación da revista do centro.

3.-Obxectivos adecuados á situación do alumnado

3.1.- Potenciar o coñecemento da lingua galega entre o alumnado.

3.2.-Coñecer o emprego da lingua galega do alumnado do centro dentro e fóra do ámbito escolar.

3.3.- Empregar e potenciar o galego en todas as actividades do centro.

3.4.-Facer cumprir a Lei de Normalización Lingüística no que respecta ás materias que hai que impartir en lingua galega.

3.5.-Publicación da revista do centro.

3.6.-Implicar ao alumnado na potenciación do emprego da lingua galega.

4.-Obxectivos adecuados á situación lingüística do centro

4.1.-Acadar a galeguización progresiva e plena do centro.

4.2.-Potenciar o coñecemento e o emprego da lingua galega en todos os ámbitos que abranguen á comunidade escolar.

4.3.-Empregar e potenciar o emprego da nosa lingua en todas as actividades do centro.

4.4.-Implicar a toda a comunidade escolar na potenciación da lingua galega.

4._MEDIDAS

Como medidas tendentes á consecución dos obxectivos previstos o Equipo de Dinamización Lingüística elabora un programa de actividades que consta de tres partes. A primeira relativa ás funcións e actividades que o equipo levará a cabo periodicamente e ó longo de todo o curso; unha segunda parte de actividades previstas secuenciadas e temporizadas ata o momento, e unha terceira parte de actividades previstas pero que aínda non teñen unha data fixada ou que necesitan confirmación.

O Equipo terá como finalidade a realización e desenvolvemento das distintas actividades programadas neste Plan, ofrecendo sempre a posibilidade de incluír ó longo do curso outras que se consideren oportunas. Toda a comunidade está invitada a colaborar nestas actividades, así como propoñer outras que consideren pertinentes, estando o equipo aberto a todo tipo de suxestións ou modificacións para mellorar o proceso de normalización.

a) Actividades e funcións a realizar polo equipo durante todo o curso.

1._Actualizar a páxina web e o Instagram do centro e o blog da biblioteca Vacaloura. EDLG, Departamento de Informática, Departamento de L. Galega e Vicedirección. Dirixido a toda a comunidade. Obxectivos: 3.1/3.2/3.3/4.1/4.2.

2._ Organización e coordinación de clubs de lectura. Lerase un libro ó mes e despois

farase unha reunión para comentar o libro elixido. Esta actividade está aberta a toda a comunidade escolar. Este curso temos tres grupos, dous de alumnos e un de adultos no que participan profesores, persoal non docente e familias. Colabora o Grupo de Traballo da Biblioteca, Departamento de Galego e Vicedirección e Departamento de Relixión. Obxectivos 1.1 / 2.2 / 4.2 / 4.4

3._ Intercambio con outro centro da nosa comunidade, co IES Eusebio da Guarda da Coruña, co fin de fomentar as relacións dos nosos alumnos; traballar a expresión escrita; comentar libros lidos en común; coñecer a nosa xeografía, os nosos costumes, monumentos, o noso entorno... e as nosas variantes dialectais. Nun primeiro momento sería un intercambio epistolar e por correo electrónico, no 2º ou 3º trimestre os alumnos do noso centro actuarán de anfitrións do centro da Coruña e amosaranlles a nosa contorna e serviránlles de guía, tamén comentarán as variedades dialectais e os nosos costumes, economía... O mesmo farán os da Coruña.

Para este curso está previsto cun centro da Coruña para poder contrastar as diferencias dialectais e o contraste costa e o interior e o rural e o urbano. Participa o departamento de Galego e Vicedirección, Departamento de Xeografía e Hª e Bioloxía. Esta actividade está dirixida ó alumnado de 2º da ESO. Obxectivos: 3.1/3.2/3.3/3.6/4.2/4.3.

4._ **Actividade plurianual.** Ao longo deste curso académico seguiremos coa recompilación de frases feitas, refráns, cantigas populares da nosa lingua e a realización de murais das mesmas. Colabora o Departamento de Lingua Galega e Literatura e as familias. Está dirixida a todo o alumnado. Obxectivos 1.2 / 2.2 / 3.6 / 4.2 / 4.3

5._ Realización dalgunha conferencia dun escritor, xornalista ou persoa que traballe algún aspecto da nosa lingua, contacontos, talleres de banda deseñada, cómics ou poesía ... Actividade dirixida a todo o alumnado do centro. Durante todo o curso escolar. Colaboran o Departamentos de L. Galega e Literatura e o Grupo de Traballo da Biblioteca e Vicedirección. Neste momento está prevista unha conferencia con Eva Mejuto que está dirixida ó alumnado de 2º,3º e 4º da ESO. Colabora Departamento de Lingua Galega, Equipo de Traballo da Biblioteca e Vicedirección. Obxectivos: 2.1/3.1/3.3/4.3

6._Representación no centro dalgunha obra de teatro en colaboración co Grupo de Teatro de Antas de Ulla ou co Grupo de Teatro de Falcatrueiros. Proxección dalgunha película en lingua galega. (No primeiro trimestre proxectáronse as películas “Sempre Xonxa” para 1º da ESO e “ A praia dos afogados” para 2º da ESO. Actividade dirixida a todo o alumnado. Programada para todo o ano académico. Departamento de L. Galega e Literatura e Vicedirección. Obxectivos 1.1 / 2.1 / 3.6 / 4.2

7._Colaboración co Equipo de Traballo da Biblioteca para as actividades “Nin un día sen poemas “(consiste na exposición de poemas en diferentes linguas cun breve comentario sobre o autor, movemento literario ao que pertence, temática...) ou “O Libro Estrela da Semana” (aconsellamos un libro de lectura diferente cada semana, tamén cun breve comentario sobre o libro). Durante todo o curso e para toda a comunidade educativa. Os poemas e libros expoñeranse na Biblioteca do centro.

Obxectivos 1.2 / 2.1 / 3.1 / 3.3 / 3.6 /4.1 / 4.2 /4.4

8._Plan Lector para potenciar a nosa lingua. Para todo o alumnado do centro e durante todo o curso académico. Colabora o Departamento de Lingua e Literatura Galega. O Grupo de Traballo da Biblioteca. Obxectivos 2.1 / 3.3

9._Realización de videopoemas nas clases de L. Galega e L e nos clubs de lectura. Participa todo o alumnado do centro. Esta actividade realízase ao longo de todo o curso. Colabora o Departamento de L Galega e L, o Departamento de Informática e o Grupo de Traballo da Biblioteca. Obxectivos:1.2/3.1/3.6/4.4/

10._ Revista “*A Leira dos Trasnos*” . Recompilación, clasificación e selección do material que poida formar parte dos contidos da revista do Centro. Nela pode participar toda a comunidade educativa, está aberta a todos aqueles departamentos interesados en publicar algo. A súa elaboración durará todo o curso escolar. E está dirixida a toda a comunidade educativa.

Nela pode participar todo o alumnado, profesorado e persoal non docente do centro. A

súa elaboración durará todo o curso escolar. Tamén se publicarán este curso traballos en diferentes linguas, aínda que a lingua galega sexa a máis empregada. Actividade relacionada cos obxectivos 1.2 / 2.1 / 2.4 / 3.3 / 3.5 / 4.3

Esta actividade leva realizándose de xeito interrompido desde o ano 2008, xa antes se publicaran algúns números.

11._ _Potenciación da participación en concursos convocados por outros organismos (concellos, centros escolares...) e colaborar con eles. Neste curso xa participamos no concurso de poesía convocado pola Biblioteca Municipal de Antas de Ulla e contamos participar nos que organice ó longo de todo o curso como, por exemplo, o de narración que convoca polas Letras Galegas. Obxectivos: 1.1/3.2/3.6

12._ Colaborar na revisión do emprego da lingua galega nos documentos oficiais do Centro:

- Actas de claustros
- Actas do Consello Escolar
- Actas de reunións de Departamentos
- Libros de rexistro, de correspondencia e certificacións
- Documentos de avaliación: actas de cualificacións parciais e finais, boletíns de cualificacións e informes.
- Correspondencia coa Administración Autonómica, Provincial e Local.
- Correspondencia coas editoriais, provedores, notificacións ós pais...
- Partes e notificacións de faltas do alumnado.
- Programación Xeral Anual.
- Memoria do Centro.
- Avisos e comunicados nos taboleiros dirixidos ós profesores, alumnado, familia...
- Outra documentación, contabilidade, expedientes, cheques bancarios, recibos...

Obxectivos: 2.1/2.2/3.1/3.3/4.1/4.2/4.3/4.4/

13._

-Supervisión de:

- Lingua dos libros de texto
- Lingua dos materiais de apoio

-Lingua dos exercicios, actividades e probas de avaliación

-Lingua dos proxectos didácticos e Memorias dos Departamentos.

Obxectivos: 2.1/2.2/3.1/3.3/4.1/4.2/4.3/4.

14._

-Recoller as disposicións legais e regulamentarias sobre o uso da lingua para facilitar información legal ós diferentes órganos educativos: Claustro de Profesores, Consello Escolar ... Obxectivos: 2.1/2.3 /3.3/3.4/4.4.

15._

-Adquisición de material bibliográfico, fonográfico, audiovisual, informático de catalogación e depósito na biblioteca do centro, e particularmente:

-Libros de lectura en lingua galega

-Libros de contidos académicos

-Libros de consulta

-Adquisición de material de apoio, vocabularios específicos das distintas materias, dicionarios de Lingua Galega, obras de consulta significativas no proceso de normalización.

Colabora o Departamento de L. Galega e Literatura e está aberto a todos os departamentos interesados en mercar material que contribúa á dinamización do galego.

Actividade relacionada cos obxectivos : 2.1 / 2.3/ 3.1 / 3.3 / 3.4/ 4.3

16._ Poñer ó alumnado en contacto co noso pasado e co noso presente a través de:

_Traballos sobre o medio

_Exposicións de fotos de árbores, plantas, animais, monumentos, apeiros, muíños, cruceiros... desta comarca

_Actualizar “*O recuncho das verbas*” (lugar onde se expoñen os traballos feitos polo alumnado).

Esta aberto a toda a comunidade escolar. Colabora o Departamento de l. Galega e Vicedirección. Está aberto a todos os departamentos que queiran participar.

Obxectivos: 1.2/2.1/3.2/3.3/4.1/4.2.

b) Actividades previstas por trimestres.

Primeiro trimestre

1. _Celebración do Samaín

Convocatoria dun certame literario de relatos de terror para todo o alumnado. Os traballos gañadores serán publicados na revista do centro. Colabora o Grupo de Traballo da Biblioteca e o Departamento de Lingua Galega e Literatura, Vicedirección, Departamento de Relixión. Xurado formado por dous representantes do profesorado, dous representantes do alumnado e un representante do Persoal non Docente. Obxectivos 2.1 / 3. 6 / 4.2

2. _Exposición de ilustracións de seres míticos galegos que irán acompañados dun breve texto en galego no que se expliquen as características de cada un (Colabora Departamento de Lingua Galega e Literatura e o Departamento de Plástica). Dirixido ó alumnado de 4º da ESO. Obxectivos: 1.2/2.1/3.3/3.6/4.2/4.4.

3. _Nadal.

- Convocatoria dun concurso de carteis e de postais de Nadal cun lema en lingua galega dirixido a todo o alumnado do centro. Exposición dos traballos gañadores. Colaboran o Departamento de Relixión, o de Lingua e Literatura Galega, o de Educación Plástica e Visual e Vicedirección, Tecnoloxía e Xeografía e Historia. Xurado formado por dous representantes do profesorado, dous representantes do alumnado e un representante do Persoal non Docente. Actividade dirixida a todo o alumnado.
- Organización dun concurso de contos de Nadal e exposición dos traballos gañadores... Colabora Vicedirección, o Departamento de Relixión, o de Lingua e Literatura Galega, e tamén o Departamento de Latín e Orientación como membros do xurado xunto cun representante do Persoal non Docente e dous representantes do alumnado. Actividade dirixida a todo o alumnado.
- Entrega de premios dos concursos realizados no primeiro trimestre (relatos de

terror, postais de Nadal, contos de Nadal ...).

Obxectivos:2.1 / 3. 6 / 4.2

Segundo trimestre

1._Celebración do Día da Paz (30 xaneiro) en colaboración co Departamento de Relixión e o Grupo de Traballo da Biblioteca. O alumnado realizará colaxes con citas que teñen como tema a paz. Serán expostas no taboleiro de “O recuncho das verbas” Dirixido a todo o alumnado. Obxectivos 1.2 / 2.1 / 3.3 / 4.2

2._Celebración do Día de Rosalía. Recital de poemas da autora. Colabora EDLG, Vicedirección e Departamento de Galego. Dirixido a todo o alumnado. Obxectivos 1.2 / 2.1 / 3.3 / 4.2

3._Celebración do Entroido.

- Elaboración de carteis sobre a celebración do Entroido en Galicia por parte do alumnado e exposición dos traballos no taboleiro de “O recuncho das verbas”..
- Elaboración e recitado de coplas do entroido.
- Concurso de disfraces e comparsas

EDLG. Colabora, Vicedirección, L. Galega e Literatura. Actividade dirixida a todo o alumnado do centro. Obxectivos: 1.2/3.3/3.6/4.3/4.4

4._ Participación no proxecto Galicia Nomeada da Xunta de Galicia. Colabora EDLG, Departamento de L. Galega e de Informática e as familias. Está dirixida a todo o alumnado do centro Obxectivos:3.3/3.6/4.2/4.4/

5._ Participación no “Concurso Escolar de Videopoemas” sobre composicións poéticas de Rosalía de Castro e Manuel María convocado pola casa museo de Manuel María. EDLG e colabora o Departamento de L Galega e L, o Departamento de Informática e Vicedirección. Actividade dirixida a todo o alumnado

Obxectivos: 2.1/ 3.1/ 3.3/ 3.6/ 4.3 /4.4/

Terceiro trimestre

1._ Participación no proxecto Galicia Nomeada. Colabora EDLG, Departamento de L. Galega e de Informática e as familias. Actividade dirixida a todo o alumnado do centro Obxectivos:3.3/3.6/4.2/4.4/

2._ **Celebración das Letras Galegas.** EDLG en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, Música, Vicedirección, Educación Plástica e Visual, Equipo da Biblioteca e dirixida a todo o alumnado do centro, cos seguintes actos:

- Realización e exposición de murais relacionados con esta data e co autor.
- Recital poético por parte do alumnado do Centro.
- Representación dunha obra de teatro por parte do grupo de teatro do EDL (estamos decidindo cal).
- Conferencia sobre o autor homenaxeado o día das Letras Galegas en colaboración co seminario de Lingua Galega e Literatura.
- Celebración do “Día das letras Galegas” coa “Festa das Letras”. Na que participaran as asociacións do pobo (Falcatrueiros de Monterroso ou de Antas Fiadeira nas que participa o noso alumnado.)
- Coincidindo con estas datas a coral polifónica Sons do Farelo de Antas de Ulla dará un concerto ao noso alumnado con temas en lingua galega.

Obxectivos 1.2 / 2.2 / 3.1 / 3.3/ 4.2

3._Realización dun tramo do Camiño de Santiago (Cebreiro-Triacastela). Esta actividade está aberta a todo o alumnado e profesorado do centro co fin de afondar no coñecemento da nosa cultura. EDLG coa colaboración de Vicedirección, Bioloxía, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura Galega e o Relixión.

Estudarase a flora e a fauna desa zona, os tipos de construcións, a arte e as variedades dilectais.

É unha actividade plurianual e interdisciplinar, cada curso faise unha etapa do camiño. O curso pasado chegamos a Santiago e este curso volvemos iniciar a actividade e faremos a primeira etapa (Cebreiro- Triacastela).

Obxectivos 1.1 / 2.2 /3.2 / 4.2 / 4.3

4._Publicación da revista do centro, A Leira dos Trasnos en formato dixital na páxina web do centro e en papel. Esta actividade lévase realizando desde o ano 2008 de xeito interrompido, xa antes desta data se publicaron algúns números.

Actividade relacionada cos obxectivos 1.2 / 2.1 / 2.4 / 3.3 / 3.5 / 4.3.

5._ Colaborar co Equipo Directivo na xornada de portas abertas e servir como anfitrións do alumnado que cursará 1º da ESO no curso 23/24. Esta actividade está dirixida ó alumnado de 6º de primaria dos colexios de Monterroso e Antas de Ulla. Obxectivos: 1.1/2,1/3.1/3.2/3.3.

c) Actividades sen confirmación de datas.

1._ Representación dalgunha obra de teatro en lingua galega. Actividade dirixida a todo o alumnado (colabora o Grupo de Teatro de Antas de Ulla , a Asociación Falcatrueiros de Monterroso, o Departamento de Lingua Galega e Literatura e Vicedirección).

Obxectivos: 1.1/2.1/3.1/4.3/

2._Asistencia a algún espectáculo (teatro, cine...) en lingua galega. Dirixida ao alumnado de 1º e 2º de Bacharelato. 2º ou 3º Trimestres. EDLG en colaboración co departamento de L. Galega e Literatura e Vicedirección.

Obxectivos 1.1 / 3.2 / 3.6 / 4.3

3._ Posible excursión cultural relacionada coa lectura de algún libro. Colabora Departamento de Lingua Galega e L. e o Grupo de traballo da Biblioteca. Obxectivos: 3.1/3.2/3.6/4.4 (Aínda sen determinar)

4._Tamén habería que incluír todas aquelas actividades que propoña a Consellería a través da Dirección Xeral de Política Lingüística (concursos de narración, poesía, etc.) EDLG e departamento de Galego. Obxectivos: 3.1/3.2/3.6/4.4

Este Equipo está aberto a todas aquelas persoas da Comunidade Educativa que queiran axudar a potenciar o emprego da nosa lingua, así como a cantas suxestións crean oportunas, agradecéndolles de antemán a súa colaboración.


Este proxecto tamén está aberto a todas as posibles modificacións por mor de confinamentos ou doutros motivos.

O EDL expresa o seu compromiso de realizar estas actividades no caso de obter o financiamento necesario

Monterroso, 19 de xaneiro de 2023

A Directora

A Coordinadora



Asdo. Carmen Sarmiento Marqués

Mª Dolores Mariño Otero